

de clans. Ocupación de vivendas deshabitadas. Mendicidade, etc.

### 3. Características das chabolas.

3.0. Chabola nº . Reportaxe fotográfica en cor.

3.1. Tipoloxía. Alboios. Furgóns. Casetas. Edificacións en ruínas, contiguas, illadas, en aluguer, etc.

3.2. Materiais empregados na fabricación, sistema de construción e nivel de deterioración.

3.3. Superficie e distribución interior da chabola. Número de persoas que a utilizan. Nivel de amreamento.

3.4. Nivel de seguridade, estanquidade e illamento térmico. Pavimentación.

3.5. Nivel de salubridade; condicións hixiénico-sanitarias.

3.6. Nivel de servizos, auga corrente, electricidade.

### 4. Características das familias.

4.0. Nome da persoa cabeza da familia, fotocopia do DNI e número da chabola que ocupan.

4.1. Composición da unidade familiar. Habitantes da chabola por idades, sexo e parentesco. Fotocopia do DNI de cada un dos membros.

4.2. Ingresos brutos do conxunto da unidade familiar, dos cales se efectuará unha valoración tomando por bases as declaracións responsables dos afectados visadas polos concellos respectivos, no caso de non poder achegar a documentación oficial acreditativa dos ingresos. Relación entre os ingresos, o SMI e o salario social. Pensións e axudas recibidas.

4.3. Estado de saúde de cada un dos compoñentes da unidade familiar.

4.4. Nivel de coñecementos, formación e escolaridade de cada un dos compoñentes da unidade familiar. Características culturais da unidade familiar.

4.5. Medios de vida, ocupacións e profesións exercidas polos membros da unidade familiar e situación laboral.

4.6. Procedencia e tempo de permanencia que levan no asentamento.

4.7. Nivel de integración social. Relacións cos habitantes e veciños dos núcleos do contorno. Relación cos demais habitantes do asentamento. Actitudes, opinións e expectativas cara á integración noutros barrios e grupos sociais ou consolidación e mellora da propia comunidade, etc.

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 2 de marzo de 2005 pola que se autoriza o cambio de denominación do CEIP Nantes-Contomil de Sanxenxo (Pontevedra).*

Tendo en conta o artigo 8 punto 1º do anexo do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se

aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, (DOG do 21 de outubro), así como os correspondentes informes, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, esta consellería

### DISPÓN:

Autorizar o cambio de denominación do colexio que se relaciona no anexo.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2005.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

### ANEXO

Provincia: Pontevedra.

Concello: Sanxenxo.

Localidade: Nantes.

Código do centro: 36019104.

Denominación: Colexio de Educación Infantil e Primaria Nantes-Contomil.

Nova denominación: Colexio de Educación Infantil e Primaria Nantes.

*Orde do 15 de marzo de 2005 pola que se convocan proxectos de formación e asesoramento do profesorado en centros docentes non universitarios para o curso 2005-2006.*

O Estatuto de autonomía de Galicia establece, no seu artigo 31, que é competencia plena desta Comunidade Autónoma o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias e sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que o desenvolven.

A Lei orgánica 1/1990, de ordenación xeral do sistema educativo, dispón que as administracións educativas planificarán as actividades de formación do profesorado e fomentarán a autonomía pedagóxica e organizativa dos centros, favorecendo e estimulando o traballo en equipo dos profesores e profesoras, actuacións que tamén se inclúen na Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro (BOE do 24 de decembro) de calidade da educación.

Pola súa parte, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria prevé como modalidade fundamental de formación do profesorado a formación en centros. Esta modalidade está dirixida a propiciar e facilitar o cambio e a innovación educativa en e desde o propio centro educativo e responde ás ideas básicas de:

a) Dar resposta ás necesidades de formación do profesorado, propiciando a construción do modelo de centro propio que desenvolva todas as dimensións da práctica educativa: a profesional, a pedagóxica, a institucional, a relacional, a social e a de valores.

b) Fomentar a colaboración entre o profesorado do centro e os asesores implicados nas diferentes fases da formación: planificación, desenvolvemento e avaliación.

c) Establecer liñas de traballo e de toma de decisións para a mellora do funcionamento dos centros, nos seus distintos ámbitos.

d) Promover a formación dos equipos docentes a través do traballo colaborativo, partindo da experiencia e da capacidade do profesorado.

e) Facilitar o exercicio da autonomía dos centros educativos.

Isto supón a participación do profesorado no deseño da súa propia formación, desde unha perspectiva de equipo e en función dun proxecto conxunto. Coa finalidade de facilitar o desenvolvemento desta formación nos propios centros docentes cómpre proceder a facer pública a oportuna convocatoria que, coa implicación dos asesores de formación desde a propia fase planificadora, contribuirá a unha maior rendibilidade do esforzo formativo emprendido polo colectivo do profesorado.

En consecuencia, esta consellería

### DISPÓN:

#### Capítulo primeiro Disposicións xerais

Primeiro.-Convocar proxectos de formación e asesoramento nos centros educativos de niveis non universitarios para impulsar os proxectos pedagóxicos, baseados nun traballo común do equipo docente, xa sexan dos equipos de ciclo, de departamento, interdepartamentos ou internivelares.

Segundo.-Poderán participar nesta convocatoria os centros docentes sostidos con fondos públicos, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nos que se impartan ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación especial, educación de adultos, educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional, idiomas e centros de ensinanzas artísticas.

Os proxectos poderán ser solicitados conxuntamente para varios centros dunha zona educativa naqueles ámbitos de formación que pola súa especificidade impliquen a un número de docentes inferior ao mínimo estipulado no artigo quinto desta orde. Neste caso, cursará a solicitude o centro de referencia.

Terceiro.-A duración do proxecto de formación e asesoramento será de 50 horas, como máximo, durante o curso académico 2005-2006.

#### Capítulo segundo Temas

Cuarto.-Os proxectos de formación e asesoramento deberán desenvolver unha temática que naza da análise de necesidades, mediante un proceso de identificación, clasificación, categorización e formulación. Deberán atender a aspectos xerais dos ámbitos curricular, organizativo e de investigación educativa

que definan o modelo de centro, polo que poderían tratar, prioritariamente, os seguintes aspectos:

a) Plan de orientación educativa e profesional.

b) Atención á diversidade: medidas organizativas e curriculares.

c) Introducción dos temas transversais nos currículos.

d) Innovación educativa relacionada co proxecto didáctico de área e coas programacións de aula.

e) Formación en centros de traballo.

f) Elaboración de materiais didácticos.

g) Mellora da calidade da educación.

h) Aplicación didáctica das tecnoloxías da comunicación e da información.

i) Convivencia e confluencia nos centros educativos.

l) Atención educativa ao alumnado inmigrante.

#### Capítulo terceiro

#### Solicitudes, prazos e documentación

Quinto.-A presente convocatoria desenvolverase en dúas fases:

Fase de preinscrición, na que os centros educativos interesados comunicarán o seu propósito de participar na convocatoria.

Fase de elaboración e presentación do proxecto, na que os centros deberán realizar, coa intervención do centro de formación e recursos, unha diagnose de necesidades de formación do profesorado, a delimitación do tema e a formulación do proxecto.

As solicitudes e a documentación complementaria serán presentadas no centro de formación e recursos correspondente ao centro educativo. O xefe ou xefa de estudos deberá presentar:

a) Preinscrición, segundo o modelo que figura no anexo I, no prazo de 15 días a partir do seguinte á publicación desta orde de convocatoria.

b) Solicitude de participación, segundo o modelo do anexo II, no prazo de 30 días contados a partir do remate do prazo de preinscrición. Acompañarase a seguinte documentación:

c) Relación do profesorado comprometido no proxecto, que será, como mínimo, o 50% do profesorado implicado (equipo docente, equipo de ciclo, departamento, etc.), e nunca menos de dez persoas, agás no caso dos centros de menos de 18 profesores, nos que a comisión de selección poderá reducir o número mínimo de participantes considerando a porcentaxe antes citada. Na relación farase constar a súa aceptación, segundo o modelo do anexo III.

Un mesmo docente non poderá participar en dous proxectos.

Dentro desta relación farase constar o nome do coordinador, que será o encargado de organizar e dirixir o desenvolvemento do proxecto.

d) Proxecto, no que se desenvolvan os puntos recollidos no anexo IV, que será elaborado en colaboración cun asesor do centro de formación e recursos

ao que está adscrito o centro. Este proxecto presentárase preferentemente en soporte informático.

e) Certificación de que o claustro e o consello escolar do centro foron informados de que se vai solicitar esta actividade de formación.

#### Capítulo cuarto Proceso de selección

Sexto.-A selección será realizada en cada centro de formación e recursos por unha comisión integrada por:

-Un inspector, nomeado polo delegado provincial correspondente, que actuará como presidente.

-O director do centro de formación e recursos.

-Dous asesores de formación propostos polo director do centro de formación e recursos.

-Un funcionario da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nomeado polo delegado provincial por proposta do presidente da comisión, con destino no centro de formación e recursos, con voz e sen voto, que actuará como secretario.

Sétimo.-As comisións establecidas no punto anterior, no prazo de vinte días naturais a partir do seguinte ao de finalización de presentación de solicitudes de participación, estudarán estas e efectuarán unha proposta de selección de acordo cos aspectos mencionados no punto cuarto desta orde e tendo en conta os obxectivos e prioridades establecidos. De consideralo necesario, poderán solicitar o asesoramento de persoas ou organismos relacionados coa formación permanente do profesorado.

Oitavo.-Do proceso de selección redactarase a acta correspondente, na que se recollerá:

-Título.

-Nome do coordinador.

-Nome do centro de referencia.

-Asesor responsable.

-Número de horas anuais previstas para a realización do proxecto.

-Orzamento asignado a cada proxecto, desagregado por conceptos.

-Copias dos anexos II e III de cada solicitude, incluíndo as denegadas e as excluídas.

Esta documentación seralle enviada á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Noveno.-A aprobación definitiva dos proxectos de formación e asesoramento será realizada pola directora xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e farase pública en cada centro de formación e recursos e nas correspondentes delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, así como na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Poderanse admitir modificacións na relación de participantes ata o 15 de outubro de 2005. A partir desta data non se autorizará ningunha modificación.

Contra esta resolución, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 4/1999 (BOE do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No suposto de non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de tres meses, desde a súa publicación, e sen prexuízo da súa posterior resolución, as solicitudes entenderanse desestimadas.

#### Capítulo quinto Asesoramento e xestión

Décimo.-Os centros de formación e recursos, sen prexuízo da colaboración que poidan proporcionar outras institucións ou organismos, ofrecerán apoio e asesoramento. Para tal efecto participarán conxuntamente no deseño do proxecto de formación, orientarán o seu desenvolvemento, organizarán e/ou impartirán módulos formativos e implicaranse no proceso de avaliación.

O inspector responsable do centro educativo velará polo desenvolvemento do proxecto de formación e asesoramento e colaborará co asesor ou asesora implicado nel.

Décimo primeiro.-A xestión económica destes proxectos de formación e asesoramento realizaraa o asesor responsable de cada proxecto en cada centro de formación e recursos, con cargo ao orzamento do plan de formación.

O proxecto poderá xerar os seguintes gastos:

-Docencia, no caso de expertos non destinados no centro de formación e recursos ou no propio centro educativo.

-Material funxible.

-Bibliografía.

-Desprazamentos (cando sexa necesario para o desenvolvemento dalgunha actividade proposta).

#### Capítulo sexto Seguimento

Décimo segundo.-Correspóndelles ás comisións de selección previstas no punto sexto, o seguimento do desenvolvemento dos proxectos aprobados. Para tal fin, as ditas comisións reuniranse, polo menos, tres veces durante o curso académico para o desenvolvemento das seguintes funcións:

a) Velar porque se cumpran as condicións establecidas na aprobación definitiva.

b) Proponer á Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a suspensión da continuidade daqueles proxectos dos que durante o seguimento se deduza que non se axustan ao aprobado.

c) Informar a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais da marcha dos diferentes proxectos de formación e asesoramento mediante: informes de seguimento, se é o caso, informes finais, así como toda aquela información que se considere necesaria ou sexa requirida pola consellería.

d) Propoñer a certificación da formación dos participantes unha vez concluído o proxecto, entregada a memoria final e valorada positivamente. Adxudicar o número de horas que hai que certificar, tendo en conta o seguimento, traballo realizado, informes e memorias. Non se lle poderá expedir certificación ao profesorado que non asista ao 85% da duración do proxecto, segundo o disposto no artigo 17.2º da Orde do 3 de setembro de 2001 (DOG do 10 de setembro), pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación permanente do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e das titulacións.

Os traballos elaborados nos diferentes proxectos serán difundidos pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a través da rede de centros de formación e recursos.

#### Capítulo sétimo Avaliación

Décimo terceiro.-A avaliación de cada proxecto de formación e asesoramento en centros será competencia das comisións previstas no artigo 6, conforme as orientacións establecidas pola Dirección

Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

Os centros con proxectos aprobados presentaranlle á comisión de selección unha memoria final ao remate do proceso axustándose ao modelo do anexo V desta orde, e que será entregada impresa en papel e en soporte informático.

A data límite de entrega das memorias no centro de formación e recursos correspondente, será o 1 de xuño do ano 2006.

#### Capítulo oitavo Certificación

Décimo cuarto.-O director do centro de formación correspondente expediralle ao profesorado o certificado acreditativo da súa participación na actividade realizada. No dito certificado constará o número de horas realizadas, que non poderá superar o máximo de cincuenta, fixado no artigo terceiro.

Décimo quinto.-Autorízase a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar as instrucións necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta orde.

Décimo sexto.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2005.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

#### ANEXO I

#### MODELO DE PREINSCRICIÓN

NOME DO CENTRO:	
Don/Dona.....	.....
NRP:.....	NIF:..... Xefe ou xefa de estudos do centro.....
Enderezo.....	Localidade.....
CP:.....	Concello.....
Provincia.....	Tfno..... Fax.....
Tipo de centro:      Público .....	Privado concertado .....
Nº total de profesorado do centro: .....	
Tema/aspecto do artigo 4 que pretende desenvolver:.....	
.....	

Solicita a preinscrición para participar durante o curso académico 2005-2006 na convocatoria para proxectos de formación e asesoramento ao profesorado en centros docentes non universitarios, de acordo coa Orde do 15 de marzo de 2005.

..... de ..... de 2005.

O/A XEFE/A DE ESTUDOS

Asdo.: .....

Visto e prace  
O/A DIRECTOR/A

Asdo.: .....

DIRECTOR/A DO CENTRO DE FORMACIÓN E RECURSOS DE .....



*ANEXO IV*

Guión para a elaboración do proxecto

Título do proxecto:

1. Tema ou aspecto que se pretende traballar, segundo o punto cuarto da orde de convocatoria.
2. Xustificación.
3. Obxectivos.
4. Programa de contidos, actividades e metodoloxía que se pretende seguir.
5. Organización de recursos humanos e materiais.
  - Número de horas de asesoramento presencial do asesor ou asesora. (En ningún caso poderá ser inferior ao 20% do total de horas estimadas).
  - Número de horas de docencia con outros expertos. (En ningún caso poderá ser superior ao 30% do total de horas estimadas).
6. Temporalización. Calendario previsto e horario para a realización do proxecto.
7. Necesidades orzamentarias (tendo en conta o establecido no artigo décimo primeiro desta orde).
8. Proceso e criterios para a avaliación.

*ANEXO V*

Guión para a memoria final

1. Características xerais e particulares do contexto no que se desenvolveu o proxecto de formación e asesoramento.
2. Consecución dos obxectivos:
  - Obxectivos propostos inicialmente.
  - Obxectivos acadados ao finalizar o proceso.
3. Actividades realizadas. Axuste coa temporalización inicial.
4. Número de horas realizadas.
5. Modificacións, se é o caso, da proposta inicial durante a súa posta en marcha en canto a:
  - Obxectivos.
  - Contidos.
  - Actividades.
  - Metodoloxía.
  - Recursos.
  - Temporalización.
6. Síntese do proceso de avaliación empregado.
7. Conclusións: logros e incidencia no centro docente.
8. Materiais elaborados.
9. Actas das reunións de traballo e das actividades de formación para efectos de certificación e rexistro. Nas actas deben aparecer todos os docentes que participaron, especificando nomes, apelidos, documento nacional de identidade e número de rexistro persoal, así como as incidencias máis relevantes.
10. Acta final, asinada polo coordinador ou coordinadora e co visto e prace do xefe de estudos, na que se inclúa a relación de profesores con dereito a certificación e sen dereito a ela, especificando a causa.

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL**

*Orde do 23 de marzo de 2005 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas aos plans de reestruturación e reconversión do viñedo en Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se convocan para o ano 2005.*

O Regulamento (CE) 1493/1999, do Consello, do 17 de maio, establece a organización común do mercado vitivinícola; as disposicións de aplicación no relativo ao potencial de produción veñen previstas no Regulamento (CE) 1227/2000, da Comisión, do 31 de maio. No ámbito estatal, as medidas de desenvolvemento da normativa comunitaria están establecidas no Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, que regula o potencial de produción vitícola.

Pola súa banda, a Orde do 5 de setembro de 2000 da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria regula os plans de reestruturación e reconversión do viñedo nesta comunidade autónoma, establecendo un réxime de axudas para a realización dos ditos plans.

A Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo e, en particular, o seu artigo 12, dá unha nova redacción ao artigo 78 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, texto refundido aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, establecendo que será un órgano colexiado quen formule a proposta de concesión de axudas no procedemento ordinario de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva. A aplicación do dito artigo 12 aconsella modificar o artigo 8º da orde do 5 de setembro de 2000 da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, para os efectos de definir a composición do dito órgano colexiado.

Así mesmo e, previstas as bases reguladoras das axudas aos plans de reestruturación e reconversión do viñedo en Galicia, con vixencia indefinida, na Orde do 5 de setembro de 2000, cómpre realizar a convocatoria correspondente a este ano 2005.

En virtude do exposto, de conformidade co artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

*DISPÓÑO:*

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é modificar a Orde do 5 de setembro de 2000 (DOG nº 175, do 8 de setembro) pola que se regulan os plans de reestruturación e reconversión do viñedo en Galicia e convocar as axudas correspondentes ao ano 2005.

Sección primeira.-Modificación da Orde do 5 de setembro de 2000.

Artigo 2º

Introdúcense as seguintes modificacións na Orde do 5 de setembro de 2000 pola que se regulan os